

INFORME CLIMATOLÓXICO

XANEIRO DE 2026



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	5
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	7
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA	9
5	TEMPERATURA	13
5.1.	Temperatura media das mínimas.....	13
5.2.	Temperatura media das máximas.....	14
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	15
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2026.....	19
6	PRECIPITACIÓN	20
6.1.	Precipitación acumulada mensual.....	20
6.2.	Anomalía de precipitación media con respecto ao período 1981-2010.....	21
6.3.	Días de precipitación.....	22
6.4.	Evolución da precipitación media no período 1961-2026.....	24
7	DIAGRAMA DE TERMOHIETAS	25
8	VENTO	26
9	RADIACIÓN SOLAR	31
9.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	31
9.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal.....	31
10	RAIOS	32

Anexos:

Resumo mensual

Calendario de xaneiro de temperatura mínima

Calendario de xaneiro de temperatura máxima

Calendario de xaneiro de precipitación acumulada

Calendario de xaneiro de refacho máximo

Data edición: 11/02/2026

**Mes de xaneiro normal na temperatura, pero moi húmido****1 INTRODUCCIÓN**

Este informe recolle unha descrición climatolóxica do mes de xaneiro de 2026. Para ilo, analízanse os datos de temperatura e precipitación e a súa evolución no tempo, considerando o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas, gráficos e percentís calcúlanse con respecto a este período de referencia.

O valor medio das series climatolóxicas dos trinta anos do período 1961-1990 e do período 1981-2010 denomínase *normal climatolóxica* e o seu uso permite establecer comparacións do tipo espacial entre distintas estacións e describir o estado climático de cada período. A utilización destes valores normais climatolóxicos serve, tamén, de referencia para valorar os comportamentos do clima e caracterizalos, ben en termos de frecuencia o en termos de anomalía, entendendo por anomalía a diferenza entre o valor climatolóxico mensual o anual presentado e o normal.

Para os mapas sinópticos de anomalías de presión en superficie e altura xeopotencial de 500 hPa, o período de referencia é **1991-2020**.

Temperatura

Para a variable temperatura (T), enténdese por anomalía a diferenza entre a temperatura media deste mes de xaneiro e o valor climático obtido con respecto ao período de referencia 1981-2010. Para obter a anomalía de temperatura, calcúlanse a anomalía media nas once estacións meteorolóxicas que compoñen a serie rexional de Galicia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura, considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
$T < T_{\min} 1981-2010$	Extremadamente frío
$T_{\min} 1981-2010 \leq T < P_{20}$	Moi frío
$P_{20} \leq T < P_{40}$	Frío
$P_{40} \leq T \leq P_{60}$	Normal
$P_{60} < T \leq P_{80}$	Cálido
$P_{80} < T \leq T_{\max} 1981-2010$	Moi cálido
$T > T_{\max} 1981-2010$	Extremadamente cálido

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura



Precipitación

Para a variable precipitación (PP), enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada neste mes de xaneiro respecto do valor da media climática correspondente. Para obter a anomalía de precipitación, calcúlanse as anomalías medias nas dezaseis estacións meteorolóxicas que compoñen a serie rexional de Galicia.

Para caracterizar o mes en función da precipitación, considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
$PP < PP_{min} 1981-2010$	Extremadamente seco
$PP_{min} 1981-2010 \leq PP < P20$	Moi seco
$P20 \leq PP < P40$	Seco
$P40 \leq PP \leq P60$	Normal
$P60 < PP \leq P80$	Húmido
$P80 < PP \leq P_{max} 1981-2010$	Moi Húmido
$PP > P_{max} 1981-2010$	Extremadamente Húmido

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de xaneiro de 2026 quedou caracterizado pola continua chegada de borrascas dende o Atlántico, conducidas por una corrente en chorro moi zonal e moi baixa en latitude. Isto fixo que as cantidades de precipitación acumuladas estean moi por riba das que serían normais nun mes de xaneiro. Pola contra, as temperaturas non presentan anomalías moi significativas, xa que o comportamento das borrascas foi o clásico, con xornadas de suroeste e ambiente fresco, seguidas por outras máis frías logo do paso das fronteas.

Así, o primeiro día do mes comezaba con Galicia na influencia da borrasca *Francis*, una baixa desprendida da circulación zonal que soamente tocou de xeito tanxencial a Galicia. Aínda así, deixou precipitacións o día 1 pola tarde e, tamén, ao longo do día 2.

O día 3 foi de transición, aínda con algunhas chuvias de tipo illado e ocasional. Xa nas xornadas do 4 e o 5, a atmosfera estaba máis estabilizada, polo que non se produciron apenas precipitacións, pero os ventos do norte achegaron aire frío e deixaron un importante descenso nas temperaturas.

Ao final do día 5, entraba unha fronte que deixaba algunhas precipitacións, de neve en cotas por baixo dos 1000 metros. Os días 6 e 7, quedabamos nunha situación de frío e chuvascos illados, que volvían a ser de neve en cotas relativamente baixas.

O día 8, chegaba a primeira borrasca dunha serie que apenas se interrompería ata final do mes. Esta primeira borrasca, *Goretti*, deixaba importantes refachos de vento e chuvias intensa por toda a Comunidade. O día 9, entraba aire frío, polo que os chuvascos eran de neve nas zonas altas de Galicia.

Os días 10 e 11 foron de transición, cun tempo que aínda rexistraba algunhas precipitacións, pero nin o vento nin a chuvia se podían considerar relevantes.

A borrasca que chegaba o día 12 era algo máis activa, con precipitacións máis intensas que seguirían a afectarnos na xornada do día 13. O día 14, estivemos novamente na influencia das baixas presións atlánticas, con ventos do oeste e chuvias intermitentes.

A borrasca do día 15 foi, de novo, potente, con chuvias e ventos, por momentos, fortes afectando a toda Galicia. O protagonismo nos días 16 e 17 pasaba ao frío e a neve, que caía en cotas por baixo dos 1000 metros.



Durante o día 18, quedabamos nunha situación máis estable, sen precipitacións e con apertura de claros. Pero foi unha estabilidade moi transitoria, xa que, o día 19, unha fronte deixaba chuvias intermitentes. A borrasca dos días 20 e 21 foi máis activa que esta última, con precipitacións e ventos fortes en toda Galicia.

Pero as situacións máis adversas estaban, aínda, por chegar e comezaban coa borrasca *Ingrid*, a cal, os días 22 e 23, deixaba un forte temporal de vento e chuvia en terra, con avisos vermellos no mar. O día 23, logo do paso da fronte durante a madrugada, entraba una masa de aire moi fría que deixaba neve en cotas arredor dos 700 metros, ocasionando avisos laranxas por acumulación en moitos puntos do interior.

Os días 24 e 25 eran algo máis tranquilos, pero una nova borrasca, *Joseph*, deixaba, o día 26, un novo temporal de vento e chuvia, mesmo cun aviso vermello no interior da provincia de Pontevedra por acumulación. Posteriormente, o día 27, entraba, de novo, aire frío, polo que a neve callaba por riba dos 900 metros.

O día 28, chegaba a borrasca *Kristin*, pero co seu centro atravesando Portugal, polo que apenas afectaba a Galicia. Os días 29 e 30 foron xornadas moi marcadas pola inestabilidade atmosférica, con chuvascos de tipo tormentoso acompañados, ademais, de pedrazo.

Finalmente, rematamos o mes cunha xornada máis tranquila, con chuvias febles e illadas ao principio, pero con tempo seco e apertura de claros ao avanzar a mañá.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Nos mapas das Figuras 1 e 2, podemos ver as anomalías da altura xeopotencial en 500 hPa e da presión atmosférica a nivel do mar, respectivamente.

No mapa de altura da **Figura 1**, pódense ver anomalías positivas en latitudes superiores á do círculo polar ártico e unha anomalía excepcionalmente negativa sobre Europa Occidental, onde a presión de 500 hPa se acadou a unha altitude moito máis baixa do habitual, con aire máis frío do normal nestas latitudes. Esta zona representaría unha maior frecuencia, persistencia ou potencia de baixas ou valgadas en altura en toda esa área.




Figura 1: Anomalías de xeopotencial en 500hPa en xaneiro de 2026 respecto ao período 1991-2020.

O mapa ao nivel da superficie da **Figura 2** é semellante ao mapa da Figura 1, con presións moito máis altas do normal en latitudes altas e presións moito máis baixas do normal en latitudes medias. De feito, durante case todo o mes de xaneiro, especialmente durante a segunda quincena, os valores, tanto da Oscilación do Atlántico Norte (NAO, polas súas siglas en inglés) como da Oscilación do Ártico (AO), foron negativos e, no caso da AO, moi baixos.




Figura 2: Anomalías de presión en superficie (mb) en xaneiro de 2026 respecto ao período 1991-2020.

Esta configuración atmosférica en altura e superficie aclara o alto número de borrascas que se formaban e movían a través do Atlántico por latitudes máis baixas do común para acabar chegando a gran parte do Continente europeo.



4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de Meteogalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media deses 30 anos para o mes considerado. Móstranse, tamén, os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso da temperatura máxima (mínima) absoluta, móstrase o valor máis alto (máis baixo) da serie histórica mensual e a data na que se alcanzou. O mesmo ocorre no caso da máxima máis baixa e a mínima máis alta. A temperatura dáse en °C e a precipitación en mm (ou L/m²). O número de días de choiva corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



A CORUÑA

	XANEIRO 2026 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	11.1/10.8	10.8	12.6 (2024)	8.3 (1945)
Tª mínima media	9.0/8.7	8.2	10.2 (1966)	4.9 (1953)
Tª mínima absoluta	5.5/5.0 (día 1/23)			-2.0 (17/01/1946)
Tª mínima máis alta	12.7/12.3 (día 12)		15.7 (01/01/2022)	
Tª máxima media	13.3/12.9	13.4	15.4 (2024)	11.3 (1985)
Tª máxima absoluta	17.1/16.6 (día 11)		23.1 (01/01/2022)	
Tª máxima máis baixa	10.0/9.3 (día 23)			4.6 (10/01/2010)
Precipitación acumulada	212	79-132	349 (1948)	3 (1964)
Días de chuvia (≥1mm)	26	14	28 (1948)	1 (1964)

Comentario: Mes cálido para a temperatura mínima media e frío para a temperatura máxima media. Como resultado, o mes considérase **normal** tendo en conta a temperatura media.

A precipitación acumulada queda moi por riba do rango de valores normais, resultando un mes **moi húmido**, cun número de días de chuvia de case o dobre ca media climatolóxica.

* Valores climáticos: 1981-2010. Serie Histórica: Precipitación:1930-2026, Temperatura: 1930-2026

SANTIAGO

	XANEIRO 2026	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	8.5	8.8	10.7 (1982)	6.9 (1985)
Tª mínima media	5.8	5.2	7.4 (1982)	2.0 (1992)
Tª mínima absoluta	0.9 (día 6)			-4.3 (09/01/1985)
Tª mínima máis alta	10.4 (día 12)		13.7 (22/01/2016)	
Tª máxima media	11.1	12.4	14.0 (2022)	10.6 (1985)
Tª máxima absoluta	16.2 (día 27)		21.3 (27/01/2024)	
Tª máxima máis baixa	10.0 (día 8)			3.1 (14/01/1987)
Precipitación acumulada	387	186-251	523 (2001)	44 (1983)
Días de chuvia (≥1mm)	28	15	28 (2014)	3 (1983)

Comentario: Mes normal en canto á temperatura mínima media e moi frío en canto á temperatura máxima media. Tomando como referencia a temperatura media, o mes resulta **normal**.

A precipitación recollida é moi superior ao rango de valores normais, resultando un mes **moi húmido**, cun número de días de chuvia de case o dobre ca media climatolóxica e **igual ao anterior récord** de xaneiro de 2014.

* Valores climáticos 1982-2010. Serie Histórica: Precipitación:1982-2026, Temperatura: 1982-2026



LUGO

	XANEIRO 2026	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	6.5	6.3	9.1 (1966)	3.6 (1976)
Tª mínima media	3.2	2.4	7.6 (1966)	-1.3 (1976)
Tª mínima absoluta	-2.7 (día 5)			-10.1 (03/01/1971)
Tª mínima máis alta	10.1 (día 12)		13.0 (09/01/1991)	
Tª máxima media	9.9	10.2	13.5 (2026)	6.5 (1972)
Tª máxima absoluta	13.8 (día 29)		21.4 (01/01/2022)	
Tª máxima máis baixa	5.8 (día 1)			-2.0 (13/01/1987)
Precipitación acumulada	209	62-124	288 (1970)	23 (1983)
Días de chuvia (≥1mm)	25	13	28 (2001)	3 (2000)

Comentario: Mes cálido tomando como referencia a temperatura mínima media e normal a temperatura máxima media. Como resultado disto, o mes considérase **normal** para a temperatura media. A precipitación rexistrada está excesivamente por riba do rango de valores normais, resultando un mes **extremadamente húmido**, cun número de días de chuvia de case o dobre ca media climatolóxica.

* Valores climáticos: 1981-2010. Serie Histórica: Precipitación:1967-2026, Temperatura: 1964-2026

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	XANEIRO 2026	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	9.4	9.5	12.1 (1966)	7.2 (1976)
Tª mínima media	6.5	5.0	8.8 (1966)	1.2 (1976)
Tª mínima absoluta	1.2 (día 6)			-4.5 (14/01/1987)
Tª mínima máis alta	11.1 (día 29)		15.6 (01/01/2003)	
Tª máxima media	12.4	14.0	15.9 (2022)	11.6 (1972)
Tª máxima absoluta	15.8 (día 3)		23.5 (25/01/1959)	
Tª máxima máis baixa	8.9 (día 1)			2.2 (14/01/1987)
Precipitación acumulada	412	172-204	536 (1970)	24 (1964)
Días de chuvia (≥1mm)	24	14	28 (2014)	3 (1992)

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta a temperatura mínima media e moi frío a temperatura máxima media. Consecuentemente, para a temperatura media, o mes resulta **normal**. A precipitación acumulada é moi superior ao rango de valores normais, polo que o mes se considera **moi húmido**, cun número de días de chuvia moi por riba da media climatolóxica.

* Valores climáticos: 1981-2010. Serie Histórica: Precipitación:1958-2026, Temperatura: 1958-2026



OURENSE

	XANEIRO 2026	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	8.9	8.1	11.1 (1982)	4.4 (1976)
Tª mínima media	4.9	3.4	7.3 (1982)	-1.9 (1976)
Tª mínima absoluta	-1.7 (día 5)			-7.0 (10/01/1985)
Tª mínima máis alta	10.2 (día 12)		15.0 (03/01/2018)	
Tª máxima media	12.8	12.7	15.6 (2022)	9.9 (1972)
Tª máxima absoluta	21.2 (día 11)		23.1 (01/01/2022)	
Tª máxima máis baixa	7.1 (día 19)			1.0 (07/01/1973)
Precipitación acumulada	142	69-98	221 (2016)	2 (1981)
Días de chuvía (≥1mm)	18	11	23 (2014)	0 (1981)

Comentario: Mes cálido tendo en conta a media da temperatura mínima e normal a media da temperatura máxima. Como resultado disto, para a media da temperatura media, o mes resulta **cálido**.

A precipitación rexistrada queda moi por riba do rango de valores normais, considerándose un mes **moi húmido**, cun número de días de chuvía superior á media climatolóxica.

* Valores climáticos: 1981-2010. Serie Histórica: Precipitación:1972-2026, Temperatura: 1972-2026

5 TEMPERATURA

O valor medio da temperatura media non quedou moi afastado do valor climático, xa que o paso das borrascas deixaba alternativamente xornadas de suroeste, con valores de temperatura relativamente altos, e outras con norte e noroeste que arrastraban aire frío que facía descender os termómetros, compensándose as anomalías entre eles.

5.1. Temperatura media das mínimas

O valor medio da temperatura mínima no mes de xaneiro para Galicia, a partir dos valores do mapa da **Figura 3**, foi 3.8 °C. Os valores máis baixos movéronse entre -1.9 e -0.3 °C e concéntranse nas áreas de montaña de Ourense. Os valores máis altos, comprendidos entre 7.3 e 8.6 °C, déronse ao longo das zonas litorais entre Cabo Prior e Cabo Silleiro.




Figura 3: Mapa de temperatura media das mínimas (°C) do mes de xaneiro de 2026.

5.2. Temperatura media das máximas

O valor medio da temperatura máxima no mes de xaneiro para Galicia, a partir dos valores do mapa da **Figura 4**, foi 9.3 °C. Os valores máis altos, de entre 12.7 e 13.9 °C, rexistráronse en áreas das Rías Baixas e no curso baixo do río Miño. Os valores máis baixos, comprendidos entre 2.2. e 4.0 °C, déronse nas zonas máis elevadas da Comunidade, como as Serras de Queixa ou de Eixe e, tamén, dos Ancares e Courel.




Figura 4: Mapa de temperatura media das máximas (°C) do mes de xaneiro de 2026.

5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010

No mapa de anomalías de temperatura media, obsérvanse anomalías positivas febles, neutras e negativas, máis acentuadas en zonas de serra ou de montaña. Segundo os valores do mapa da **Figura 5**, o valor medio da anomalía de temperatura media no conxunto de Galicia foi 0.1 °C. Os valores máis baixos oscilan entre -1.5 e -0.8 °C e localízanse, especialmente, no Macizo Central e nas Serras dos Ancares e do Courel. Os valores máis altos móvense entre 1.0 e 1.4 °C e atopámoslos, de xeito, quizais, algo máis marcado, cara ao noroeste da provincia da Coruña.




Figura 5: Mapa de anomalía da temperatura media (°C) de xaneiro de 2026, respecto ao período 1981-2010.



Nas **Táboas 1 e 2**, móstrase unha lista dos concellos coas anomalías da temperatura media máis altas e máis baixas, respectivamente, con respecto ao período climático 1981-2010.

Táboa 1: Anomalías máis altas de temperatura media (°C) en xaneiro de 2026 con respecto ao período 1981-2010

Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Carballo	A Coruña	1.4
Cambre	A Coruña	1.1
Carral	A Coruña	1.1
Ourense	Ourense	1.0
Bóveda	Lugo	1.0
Verín	Ourense	1.0
Gondomar	Pontevedra	0.9
Porriño (O)	Pontevedra	0.9
Tomíño	Pontevedra	0.9
Abegondo	A Coruña	0.9

Táboa 2: Anomalías máis baixas de temperatura media (C°) en xaneiro de 2026 con respecto ao período 1981-2010

Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Cervantes	Lugo	-1.4
Vilariño de Conso	Ourense	-1.3
Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-1.3
Verea	Ourense	-0.9
Esgos	Ourense	-0.8
San Xoán de Río	Ourense	-0.7
Chandrea de Queixa	Ourense	-0.7
Lama (A)	Pontevedra	-0.7
Lobeira	Ourense	-0.7
Montederramo	Ourense	-0.7



Nas **Táboas 3 e 4**, móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade galega no mes de xaneiro de 2026 para estacións situadas por baixo e por riba dos 1000 metros de altitude, respectivamente. As xornadas coas temperaturas diúrnas máis altas foron o 3 e o 12 de xaneiro.

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2026 por baixo dos 1000 m de altitude

Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
03/01/2026	Atios	PORRIÑO (O)	Pontevedra	19.6
03/01/2026	A Granxa	PONTEAREAS	Pontevedra	19.5
03/01/2026	Entenza	SALCEDA DE CASELAS	Pontevedra	19.3
03/01/2026	Meder	SALVATERRA DE MIÑO	Pontevedra	18.9
12/01/2026	Pedro Murias	RIBADEO	Lugo	18.8
03/01/2026	Baiona	BAIONA	Pontevedra	18.8
03/01/2026	Sobrada	TOMIÑO	Pontevedra	17.8
03/01/2026	Vigo	VIGO	Pontevedra	17.8
03/01/2026	As Eiras	ROSAL (O)	Pontevedra	17.8
03/01/2026	Porto de Marín	MARÍN	Pontevedra	17.8

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2026 por riba dos 1000 m de altitude

Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
03/01/2026	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	10.7
12/01/2026	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	10.6
03/01/2026	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	10.4
12/01/2026	Xurés	MUIÑOS	Ourense	10.3
03/01/2026	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	9.7
26/01/2026	O Xistral	MURAS	Lugo	9.4
12/01/2026	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	9.3
03/01/2026	Ancares	CERVANTES	Lugo	8.0
26/01/2026	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	7.1
12/01/2026	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	7.0



Nas **Táboas 5 e 6**, móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en Galicia no mes de xaneiro de 2026 para estacións situadas por riba e por baixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Destaca a xornada do 5 de xaneiro como o día coa temperatura nocturna máis baixa, con xeadas localmente fortes na alta montaña.

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xaneiro de 2026 por riba dos 1000 m de altitude

Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
05/01/2026	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-9.9
05/01/2026	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-9.3
05/01/2026	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-8.8
05/01/2026	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-8.6
05/01/2026	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-7.1
05/01/2026	Ancares	CERVANTES	Lugo	-6.8
05/01/2026	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-6.3
05/01/2026	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-6.3
05/01/2026	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	-5.4
05/01/2026	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	-5.4

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xaneiro de 2026 por baixo dos 1000 m de altitude

Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
05/01/2026	Morelle	SARRIA	Lugo	-5.1
05/01/2026	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	-5.0
01/01/2026	Ríós	RIÓS	Ourense	-4.7
05/01/2026	Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	-4.6
05/01/2026	Baltar	BALTAR	Ourense	-4.5
05/01/2026	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-4.4
05/01/2026	Monforte-CFEA	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	-4.3
05/01/2026	Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	-4.3
05/01/2026	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-3.5
05/01/2026	Larouco	LAROUCO	Ourense	-3.3

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2026

Na **Figura 6**, pódese ver a variación da temperatura media en xaneiro desde o ano 1961 ata o actual 2026. O valor medio en xaneiro de 2026, obtido a partir da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional, foi 8.3 °C.




Figura 6: Temperatura media (°C) en xaneiro ao longo do período 1961-2026

Así, o valor medio da anomalía da temperatura media para este mes de xaneiro, obtido a partir do valor medio das anomalías en once estacións meteorolóxicas representativas e representada na **Figura 7**, foi 0.3 °C por riba do valor normal climatolóxico, o que fai que o mes se poida considerar no conxunto de Galicia como **normal**. Se tomamos como referencia a media da temperatura mínima, cunha anomalía positiva de 1.3 °C, o mes resulta cálido, mentres que para a media da temperatura máxima, cunha desviación negativa de 0.8 °C, moi frío.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media (°C) en xaneiro, respecto ao período 1981-2010.

6 PRECIPITACIÓN

A precipitación acumulada durante o mes de xaneiro está en toda Galicia moi por riba da que se podería considerar normal neste mes. Esta acumulación explícase pola frecuente visita de borrascas atlánticas activas que, agás na primeira semana do mes, estiveron chegando case sen pausa, deixando precipitacións moi copiosas.

6.1. Precipitación acumulada mensual

Segundo os valores do mapa da **Figura 8**, a precipitación media acumulada foi 310 L/m². Os acumulados máis altos déronse ao longo das Serras Litorais, sobre todo, en áreas de interior do oeste e suroeste da provincia da Coruña, con valores entre 550 e 700 L/m². A menor cantidade de precipitación, por baixo dos 100 L/m², rexistrouse en zonas de val do extremo leste da provincia de Ourense, no límite coa provincia de León.




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada (mm) no mes de xaneiro de 2026.

6.2. Anomalía de precipitación media con respecto ao período 1981-2010

No mapa da **Figura 9**, pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de xaneiro con respecto aos valores climáticos, sendo o 100 % o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego, segundo os valores do mapa, foi un 80 % superior ao período de referencia 1981-2010. A distribución das porcentaxes de precipitación presenta zonas moi húmidas nas catro provincias, pero destacan a Comarca da Limia, o val do río Navia e algunha área illada na Terra Chá, en Lugo, e no norte da provincia de Pontevedra, onde caeu máis do dobre de precipitación do agardado, entre un 130 e un 170 % máis. Os valores máis baixos están localizados no Macizo Central e no extremo leste da provincia de Ourense, onde os acumulados están preto dos valores normais ou ata un 20 % por debaixo.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada en xaneiro de 2026, con respecto aos valores normais do período 1981-2010.

6.3. Días de chuva

A **Figura 10** representa o número de días de chuva maior ou igual a 1 L/m². Segundo os valores do mapa, o número medio de días de chuva foi 25. Mentres que zonas próximas á Serra do Xistral, no norte de Lugo, e á Serra da Loba, entre as provincias de Lugo e A Coruña, tiveron ata 30 días de chuva, na Depresión de Ourense e en áreas da Ribeira Sacra non chegaron aos 19 días.




Figura 10: Días de chuva superior a 1 L/m² durante o mes de xaneiro de 2026.



A **Táboa 7** mostra unha lista coas estacións meteorolóxicas da rede de estacións de Meteogalicia que rexistraron as cantidades máximas de precipitación mensual. Os acumulados máis altos déronse en zonas de interior do oeste e suroeste da provincia da Coruña, onde, localmente, se superaron os 700 L/m².

Táboa 7: Precipitación mensual máxima acumulada (L/m ²) en xaneiro de 2026			
Estación	Concello	Provincia	Precipitación (L/m ²)
Muralla	LOUSAME	A Coruña	768
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	715
Costa	ROIS	A Coruña	664
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	645
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	613
Castrove	POIO	Pontevedra	607
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	606
Coto Muiño	ZAS	A Coruña	599
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	598
Monte Aloia	TUI	Pontevedra	549

Pola súa banda, a **Táboa 8** contén unha lista coas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia que rexistraron a máxima precipitación nun intervalo de 24 horas. O período de precipitación máis intensa e/ou persistente ocorreu o día 26, cando nos atopabamos baixo os efectos da borrasca *Joseph*, que chegou a deixar cantidades por riba dos 150 L/m² en áreas da fachada atlántica.

Táboa 8: Precipitación máxima en 24 horas (L/m ²) en xaneiro de 2026				
Estación	Concello	Provincia	Precipitación (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	180	26/01/2026 04:00
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	166	26/01/2026 04:10
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	162	26/01/2026 04:00
Costa	ROIS	A Coruña	157	26/01/2026 01:00
Muralla	LOUSAME	A Coruña	155	26/01/2026 01:00
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	143	26/01/2026 02:00
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	141	26/01/2026 04:10
Gargamala	MONDARIZ	Pontevedra	136	26/01/2026 02:10
Monte Aloia	TUI	Pontevedra	136	26/01/2026 02:00
Coto Muiño	ZAS	A Coruña	136	26/01/2026 03:50

6.4. Evolución da precipitación media no período 1961-2026

Na **Figura 11**, pódese ver a evolución, desde 1961, da precipitación media acumulada nos meses de xaneiro, obtida a partir da precipitación media das dezaseis estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en xaneiro de 2026 para esta serie foi 290 L/m².




Figura 11: Precipitación media acumulada (L/m²) en xaneiro ao longo do período 1961-2026.

Deste xeito, o valor medio da anomalía da precipitación para este mes de xaneiro en Galicia, obtido a partir do valor medio das anomalías en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas e simbolizada na **Figura 12**, foi un 98 % superior ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse **moi húmido**, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O precedente máis húmido foi o pasado ano 2025.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación (%) en xaneiro, respecto ó período 1981-2010.



7 DIAGRAMA DE TERMOHIETAS

Na **Figura 13**, pódese ver o diagrama de termohietas do mes de xaneiro, tendo en conta **o total de datos da serie rexional** e non só o período 1981-2010. Nel, obsérvase que o mes de xaneiro de 2026 entra dentro do grupo dos meses normais en canto á temperatura media, situándose entre os percentís 50 (T50) e 60 (t60), e englobase xunto a outros meses moi anómalos no que respecta á precipitación, superando o percentil 80 (P80).




Figura 13: Diagrama de termohietas para o mes de xaneiro.



8 VENTO

A **Táboa 9** recolle información sobre o refacho máximo que rexistrou unha estación nun día determinado do mes, sempre e cando este refacho sexa igual ou superior a 100 km/h. Isto quere dicir que unha mesma estación puido ter rexistrado refachos por riba dese limiar noutras xornadas ao longo do mes, aínda que non estea incluído. Ao longo do mes de xaneiro de 2026, especialmente durante a segunda quincena, os temporais de vento foron numerosos, polo que se superou este limiar varios días en moitas estacións meteorolóxicas, sobresaíndo os días 26, ao paso da borrasca *Joseph*, e 23, ao paso da borrasca *Ingrid*.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en xaneiro					
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)	Altitude (m)
22/01/2026	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	163	545
23/01/2026	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	163	254
26/01/2026	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	161	1620
25/01/2026	O Xistral	MURAS	Lugo	158	1031
26/01/2026	A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	144	405
23/01/2026	Malpica	MALPICA DE BERGANTIÑOS	A Coruña	138	161
26/01/2026	Castro Vicaludo	OIA	Pontevedra	138	480
22/01/2026	Burela	BURELA	Lugo	138	421
26/01/2026	Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	135	715
26/01/2026	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	134	1229
26/01/2026	Cabo Udra	BUEU	Pontevedra	131	44
26/01/2026	Muralla	LOUSAME	A Coruña	128	661
30/01/2026	Lira	CARNOTA	A Coruña	124	170
26/01/2026	Ancares	CERVANTES	Lugo	124	1364
23/01/2026	Ons	BUEU	Pontevedra	121	121
23/01/2026	Illas Cíes	VIGO	Pontevedra	119	25
29/01/2026	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	119	1758
15/01/2026	Punta Langosteira	ARTEIXO	A Coruña	118	5
23/01/2026	A Lanzada	GROVE (O)	Pontevedra	118	9
26/01/2026	Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	114	705
23/01/2026	Porto de Vigo	VIGO	Pontevedra	114	7



Refachos máximos superiores aos 100 km/h en xaneiro					
08/01/2026	A Pontenova	PONTENOVA (A)	Lugo	114	490
26/01/2026	Foz	FOZ	Lugo	113	73
23/01/2026	Xurés	MUIÑOS	Ourense	113	1059
26/01/2026	Vigo-Campus	VIGO	Pontevedra	111	460
30/01/2026	San Nomedio	NEVES (AS)	Pontevedra	110	681
22/01/2026	Fragavella	ABADÍN	Lugo	110	595
26/01/2026	Serra Vacaloura	PORTOMARÍN	Lugo	110	780
26/01/2026	Porto de Marín	MARÍN	Pontevedra	109	4
26/01/2026	Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	108	369
29/01/2026	Fontaneira	BALEIRA	Lugo	108	990
21/01/2026	Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	107	576
26/01/2026	Castrove	POIO	Pontevedra	107	515
26/01/2026	Río do Sol	CORISTANCO	A Coruña	106	540
26/01/2025	O Xipro	FONSAGRADA (A)	Lugo	106	789
26/01/2025	Sergude	BOQUEIXÓN	A Coruña	105	231
29/01/2026	Coruña-Dique	CORUÑA (A)	A Coruña	105	5
26/01/2025	Monte Aloia	TUI	Pontevedra	104	484
23/01/2026	Amiudal	AVIÓN	Ourense	103	553
23/01/2026	Corrubedo	RIBEIRA	A Coruña	103	30
26/01/2026	Ventosa	NAVIA DE SUARNA	Lugo	102	910
26/01/2025	O Viso	REDONDELA	Pontevedra	102	260
26/01/2025	Pedro Murias	RIBADEO	Lugo	102	51
26/01/2026	Corón	VILANOVA DE AROUSA	Pontevedra	102	3
30/01/2025	Courel	FOLGOSO DO COUREL	Lugo	102	777
26/01/2025	Sálvora-Pazo	RIBEIRA	A Coruña	102	21
26/01/2025	Amiudal	AVIÓN	Ourense	102	553
12/01/2026	Camariñas	CAMARIÑAS	A Coruña	101	5
08/01/2026	Marco da Curra	MONFERO	A Coruña	101	651
29/01/2026	Santiago-EOAS	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A Coruña	101	255
23/01/2026	Sálvora-Pazo	RIBEIRA	A Coruña	100	21
26/01/2025	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	100	500



As **Táboas 10, 11, 12 e 13** recollen un resumo dos datos máis relevantes de vento en diferentes estacións das catro provincias galegas. Delas, extraemos que:

- a intensidade *moi forte* se acadou en moitas estacións de montaña e próximas ao litoral, ademais, con elevada frecuencia;
- en case todas as estacións, as diferentes direccións do vento acadaron a intensidade *forte*;
- a porcentaxe de calmas foi, en xeral, moi baixa e, en moitas estacións de montaña ou próximas ao litoral, practicamente nula.
- as direccións predominantes do vento foron sur e suroeste.

Táboa 10: resumo dos datos de vento no mes de xaneiro de 2026 na provincia de A CORUÑA						
Estación (altitude)	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira (170)	Carnota	124	SW	2		
		Día 30				
Punta Candieira (254)	Cedeira	163	SW	5		
		Día 23				
Malpica (161)	Malpica	138	SW	1		
		Día 23				
Marco da Curra (651)	Monfero	101	SW	4		
		Día 8				



Táboa 11: resumo dos datos de vento no mes de xaneiro de 2026 na provincia de LUGO

Estación (altitude)	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Penedo do Galo (545)	Viveiro	163	SW	5		
		Día 22				
Campus Lugo (400)	Lugo	64	S	45		
		Día 21				
Ancares (1364)	Cervantes	124	S	9		
		Día 26				

Táboa 12: resumo dos datos de vento no mes de xaneiro de 2026 na provincia de OURENSE

Estación (altitude)	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xares (1762)	A Veiga	-	-	-	-	-
Alto do Rodicio (981)	Maceda	95	SW	8		
		Día 26				
Gandarela (623)	Celanova	74	W	37		
		Día 21				



Táboa 13: resumo dos datos de vento no mes de xaneiro de 2026 na provincia de PONTEVEDRA						
Estación (altitude)	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos de Montes (705)	Fornelos de Montes	114	S	5	<p>ROSA DOS VENTOS - Fornelos de Montes (70500)</p> <p>Mes Enero - 2026 a 2026</p> <p> <input type="checkbox"/> Frazada <input type="checkbox"/> Media <input type="checkbox"/> Frazada <input type="checkbox"/> Media </p> <p>Calmas: 5%</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s)</p> <p>Fornelos de Montes (70500) a 01/01/2026 a 31/01/2026</p>
		Día 26				
Illas Cíes (25)	Vigo	119	SW	10	<p>ROSA DOS VENTOS - Illas Cíes (10125)</p> <p>Mes Enero - 2026 a 2026</p> <p> <input type="checkbox"/> Frazada <input type="checkbox"/> Media <input type="checkbox"/> Frazada <input type="checkbox"/> Media </p> <p>Calmas: 10%</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s)</p> <p>Illas Cíes (10125) a 01/01/2026 a 31/01/2026</p>
		Día 23				

9 RADIACIÓN SOLAR

9.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 14: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de xaneiro de 2026.

9.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 15: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

10 RAIOS

Na **Figura 16**, pódese ver o número total de raios rexistrados en Galicia nos meses de xaneiro desde o ano 2010. Como se pode observar, xaneiro é un mes que non sobresae especialmente pola actividade eléctrica. Aínda así, en xaneiro de 2025 e xaneiro de 2026, o número total de descargas eléctricas rolda os 2000.




Figura 16: Número total de raios rexistrados nos meses de xaneiro.

A **Figura 17** presenta o número de raios repartidos por día. Vemos que a práctica totalidade das descargas se concentran nos derradeiros dez días do mes, destacando o día 23 con un total de 737 raios.




Figura 17: Número de raios detectados por día en Galicia en xaneiro de 2026.



Para rematar, a **Figura 18** presenta o número de raios detectados en cada provincia. Como se pode observar, máis da metade dos raios caeu na provincia da Coruña (1000). Síguela Lugo, con 425, e Pontevedra, con 271. Ourense soamente contabilizou 57 raios.




Figura 18: Número de raios detectados por provincia en Galicia en xaneiro de 2026

MeteoGalicia
Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático
Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático
Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

Rede de estacións automáticas da CMA
Ano: 2026 Mes: 1

Provincia Estación	T ^{ao} C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva		Xeada	
Serra Vacaloura	4.3	6.72	10.4	29	2.1	-1.3	5	198	39.4	26	189	99	100	97	12	36	334	27	109	26	**	31	6		
Ventosa	4.2	6.72	11.2	12	1.5	-2.3	6	216	28.5	26	168	87	98	71	11	32	324	19	102	26	905	31	9		
*Vilamor	8.9	12.29	17.1	12	5.8	-1.3	1	225	34.5	26	187	79	91	63	20	59	416	9	62	30	**	31	1		
*Xabrega	7.8	10.96	15.1	12	4.5	-1.4	5	216	38.8	26	189	88	97	74	11	33	364	9	76	15	973	31	3		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.

Documento xerado o 11/02/2026

Rede de estacións automáticas da CMA
Ano: 2026 Mes: 1

Provincia Estación	T ^{ao} C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva		Xeada		
Ourense																										
A Mezquita	3.3	5.84	10.4	3	0.8	-4.4	5	**	**	26	257	92	99	80	15	43	343	13	77	26	895	**	12			
*A Portela	6.7	10.48	14.5	29	3.6	-3.0	5	182	30.8	26	156	83	95	65	11	32	344	6	**	27	**	31	4			
*A Trabe	4.5	7.5	10.8	26	2.1	-3.1	5	249	36.7	27	--	93	98	82	17	50	374	4	50	26	922	31	6			
Alto do Rodicio	3.4	5.74	11.7	3	1.3	-4.3	5	283	47.0	26	252	97	100	87	9	27	287	19	95	26	898	31	9			
Amiudal	6.2	9	12.9	3	3.7	-0.2	24	443	119.9	26	425	95	100	83	18	52	408	13	103	23	946	31	1			
As Petarelas	5.8	8.97	13.1	12	3.0	-2.4	5	218	35.8	27	**	87	98	70	13	37	337	**	**	**	**	31	5			
Baltar	4.9	8.15	12.6	26	1.1	-4.5	5	252	37.4	26	190	86	99	65	19	56	445	**	87	26	919	31	8			
Cabeza de Manzaneda	-1.4	0.64	4.0	26	-3.5	-9.9	5	245	43.2	26	--	98	100	91	20	54	355	--	--	--	816	31	27			
*Calvos	4.2	7.08	11.4	3	1.0	-4.4	5	340	59.9	26	327	98	100	87	16	46	386	11	77	26	**	31	11			
Casaio	2.1	4.84	9.3	12	-0.7	-6.3	5	132	29.3	26	**	--	--	--	**	**	**	--	--	--	**	31	21			
*Corzos	1.7	4.44	10.7	3	-0.9	-8.6	5	197	26.5	26	**	93	98	82	**	**	**	10	59	26	**	31	21			
Entrimo	5.1	7.96	12.4	3	2.6	-2.5	6	495	111.9	26	**	95	100	82	11	34	311	**	**	**	**	31	5			
*EVEGA Leiro	7.9	12.46	17.0	3	4.1	-2.8	5	255	68.2	26	**	91	99	73	**	**	**	1	48	21	999	31	2			
Gandarela	6.0	8.92	13.6	3	3.3	-1.4	5	243	55.3	26	226	97	100	85	19	56	421	8	73	21	938	31	2			
Lardeira	-0.5	1.56	6.7	12	-2.8	-8.8	5	100	13.3	27	--	98	100	89	9	27	275	35	160	26	829	31	26			
Larouco	6.1	9.5	14.1	21	3.3	-3.3	5	125	22.3	27	--	90	99	73	**	**	**	8	**	26	949	31	4			
Laza	5.4	9.07	13.3	12	2.7	-1.5	5	242	26.8	26	223	91	99	74	15	44	357	5	64	25	**	31	6			
Monte Medo	5.8	9.09	16.5	3	3.1	-2.4	5	235	38.2	26	**	90	99	73	15	43	382	**	**	**	**	31	1			
O Invernadeiro	3.1	5.74	9.7	3	0.5	-5.1	5	393	65.5	26	--	94	100	82	14	41	309	9	76	29	894	31	15			
Ourense	8.5	12.8	16.5	29	4.9	-1.7	5	142	28.2	26	**	84	99	61	**	**	**	**	**	**	**	31	2			
Ourense-Estacións	8.4	12.53	17.1	3	5.2	-0.7	5	175	38.6	26	--	89	99	69	16	46	376	3	**	30	**	31	2			
*Pazo de Fontefiz	6.9	9.99	13.9	29	3.8	-0.9	5	241	50.6	26	226	95	100	81	9	27	288	3	41	25	**	31	3			
*Ponte Boga	7.2	10.64	15.0	12	4.1	-1.9	1	160	37.0	26	137	90	99	73	14	42	378	6	63	25	956	31	2			
*Prado	8.3	12.28	16.1	11	4.9	-1.5	5	216	61.3	26	195	91	99	74	14	42	371	2	49	29	**	31	2			
Remuíño	7.2	11.16	15.2	11	3.8	-2.7	6	277	71.6	26	--	89	96	70	12	34	351	5	55	29	**	31	2			
*Riós	4.1	6.98	10.6	3	1.6	-4.7	1	257	28.8	27	149	93	100	80	16	48	376	**	**	25	**	31	7			
San Xoán de Río	2.9	5.52	10.6	12	0.4	-5.4	5	198	30.4	26	148	94	99	84	13	38	349	17	97	25	893	31	12			
Serra do Eixe	1.6	3.79	7.1	26	-0.6	-5.3	5	194	30.8	26	--	98	100	88	12	31	283	20	134	26	873	31	20			
Verín-Vilamaior	5.8	9.32	13.0	21	3.1	-1.0	1	166	20.6	27	148	92	100	75	15	44	364	5	66	21	948	31	4			
Verín-Vilela	6.5	10.91	15.0	21	2.9	-2.5	6	150	20.3	27	130	92	100	71	19	57	410	4	62	29	**	31	7			
Viana do Bolo	4.4	7.32	11.6	3	1.6	-4.6	5	174	34.5	26	153	87	96	73	16	46	375	10	89	26	913	31	9			
Xares	-1.5	0.48	3.8	26	-3.6	-9.3	5	124	27.5	26	--	95	98	89	15	43	378	--	--	--	815	31	29			
Xinzo	5.6	8.87	13.6	3	2.4	-3.5	5	152	19.5	26	--	90	98	75	--	--	--	12	73	26	939	31	6			
Xurés	3.4	6.15	10.3	11	1.1	-4.5	5	465	89.1	26	411	97	100	85	18	50	403	24	113	23	--	31	10			

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.

Documento xerado o 11/02/2026

Rede de estacións automáticas da CMA
Ano: 2026 Mes: 1

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva		Xeada	
Pontevedra																												
*A Armenteira	8.0	10.94	14.4	3	4.8	-1.5	6	403	86.8	26	280	91	98	77	16	47	366	9	**	26	**	**	**	31	2			
A Granxa	8.7	13.11	19.5	3	4.7	-2.4	6	391	112.0	26	368	89	98	69	18	53	403	4	74	23	1007	**	**	31	3			
A Lanzada	10.9	13.05	16.1	2	7.6	1.7	6	240	38.3	26	--	82	94	66	25	73	451	24	118	23	**	**	**	31	0			
*As Eiras	10.1	13.52	17.8	3	6.3	-0.5	6	388	68.0	26	274	92	100	74	23	67	452	6	**	26	1007	**	**	31	2			
Atios	9.4	13.47	19.6	3	5.4	-1.7	5	463	121.6	26	440	92	100	72	20	59	421	6	79	26	**	**	**	31	2			
Baiona	11.4	13.96	18.8	3	8.3	2.0	5	330	75.9	26	289	79	92	61	24	71	467	13	90	30	**	**	**	31	0			
*Barrantes	9.5	12.68	16.0	2	5.8	-1.1	6	361	65.9	26	330	86	95	72	22	64	433	7	64	26	**	**	**	31	2			
Cabo Udra	11.1	13.4	16.2	2	8.9	5.7	6	275	51.8	26	212	78	91	62	27	77	478	25	**	26	**	**	**	31	0			
Caldas de Reis	8.3	10.86	13.4	2	5.8	1.4	6	443	89.2	26	335	91	98	76	10	30	324	7	67	26	979	**	**	31	0			
*Camanzo	8.7	11.76	14.9	11	5.5	-1.9	6	263	57.7	26	222	88	96	76	17	51	393	8	**	26	986	**	**	31	3			
Cangas-Porto	11.2	13.46	17.4	3	8.5	3.9	5	259	61.6	26	**	77	89	63	**	**	**	13	93	26	**	**	**	31	0			
Castro Vicaludo	7.7	9.95	14.0	3	5.5	1.1	5	409	62.6	26	324	92	99	79	25	71	452	28	137	26	955	**	**	31	0			
Castrove	7.0	9.4	13.1	3	4.8	1.0	5	606	122.5	26	466	94	99	82	18	52	374	17	107	26	950	**	**	31	0			
*Cequeliños	8.6	11.74	15.8	3	5.4	-0.2	6	289	72.0	26	266	91	98	73	17	51	395	10	83	26	**	**	**	31	1			
Corón	10.9	13.03	15.0	29	8.2	4.1	6	414	66.1	26	375	83	97	66	25	73	451	20	102	26	1009	**	**	31	0			
*Entenza	9.1	12.9	19.3	3	5.6	-1.0	6	342	72.6	26	319	93	99	77	17	48	412	2	57	26	**	**	**	31	2			
Forcarei	5.4	7.82	12.1	3	3.0	-1.6	5	612	155.8	26	602	99	100	93	15	43	346	21	94	29	**	**	**	31	4			
Fornelos de Montes	5.9	8.1	11.9	3	3.8	-0.1	5	644	158.5	26	468	94	99	85	13	39	323	22	114	26	929	**	**	31	1			
Gargamala	8.6	11.7	17.2	3	5.8	1.8	6	494	135.1	26	339	93	99	79	15	45	375	5	69	30	**	**	**	31	0			
Illas Cíes	11.5	13.56	16.7	3	9.2	5.7	5	246	47.3	26	203	82	94	68	32	93	535	21	119	23	**	**	**	31	0			
Lalín	5.8	8.41	11.9	26	3.2	-2.5	6	272	61.7	26	**	97	100	83	**	**	**	12	84	30	**	**	**	31	3			
Lourizán	9.5	12.41	15.8	3	6.5	1.2	6	411	88.7	26	296	90	98	75	20	59	434	4	69	23	1005	**	**	31	0			
*Meder	9.2	12.82	18.9	3	5.8	0.6	6	301	67.5	26	**	88	99	71	**	**	**	2	50	12	994	**	**	31	0			
Monte Aloia	7.1	9.69	14.9	3	4.9	1.2	5	548	134.5	26	396	95	100	84	19	55	393	11	96	26	954	**	**	31	0			
Mouriscade	6.4	9.53	13.1	26	3.0	-5.0	5	304	71.4	26	--	89	98	75	18	54	406	10	81	29	951	**	**	31	8			
O Viso	8.5	11.32	15.9	3	6.0	1.7	6	422	90.4	26	393	85	94	71	20	59	412	13	93	23	**	**	**	31	0			
Ons	10.5	12.55	14.5	2	8.3	4.1	6	284	52.3	26	248	86	97	72	30	87	499	28	121	23	997	**	**	31	0			
Pazos de Borbén	8.1	11.37	15.8	3	5.1	1.0	6	470	122.6	26	439	93	99	79	18	53	391	9	**	23	**	**	**	31	0			
*Ponte Caldelas	7.8	10.5	14.5	3	5.0	1.1	17	492	114.4	26	358	91	98	79	15	43	354	7	71	23	970	**	**	31	0			
Pontevedra-Campolongo	10.1	13.75	17.2	2	6.8	-0.2	6	365	81.6	26	**	88	98	67	**	**	**	3	60	26	**	**	**	31	1			
Porto de Marín	11.6	14.24	17.8	3	8.7	4.6	6	404	85.1	26	372	86	98	64	21	62	424	13	108	26	**	**	**	31	0			
Porto de Vigo	11.5	13.8	17.1	3	9.1	5.7	6	249	57.2	26	207	79	91	66	25	73	465	16	114	23	**	**	**	31	0			
Rebordelo	7.5	10.54	14.6	3	4.2	-0.3	17	530	137.0	26	372	90	98	77	14	42	359	7	81	26	967	**	**	31	2			
San Nomedio	6.1	8.46	13.1	3	3.9	0.1	5	316	72.4	26	227	94	98	87	12	35	321	25	110	30	**	**	**	31	0			
Sanxenxo	10.9	13.55	15.9	2	8.0	2.4	6	314	62.5	26	220	81	92	66	24	71	451	8	76	23	1007	**	**	31	0			
Serra do Faro	3.1	5.18	9.2	26	1.1	-2.8	5	403	88.6	26	--	98	100	91	7	19	271	--	--	--	--	--	--	31	10			
*Simes	10.0	13.02	15.3	3	6.8	-0.2	5	315	69.8	26	--	86	94	71	21	62	418	--	--	--	**	**	**	31	1			
Sobrada	9.5	13.24	17.8	3	6.1	-0.1	6	463	106.6	26	441	94	99	78	22	63	431	7	84	26	1004	**	**	31	1			

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.

Documento xerado o 11/02/2026

Rede de estacións automáticas da CMA
Ano: 2026 Mes: 1

Provincia Estación	T ^{ao} C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva		Xeada	
*Torrequeintáns	10.2	13.25	15.9	2	6.9	0.4	6	301	53.7	26	--	91	98	77	22	64	434	12	79	22	1005	31	0		
*Tremoedo	9.8	13.08	15.1	3	6.6	-0.3	6	373	67.5	26	**	83	93	66	**	**	**	4	61	26	1002	31	1		
Vigo	10.2	13.08	17.8	3	7.4	2.0	6	279	68.4	26	**	81	92	66	**	**	**	**	**	**	**	31	0		
Vigo-Campus	7.8	9.91	14.1	3	5.5	1.5	5	451	120.0	26	427	90	99	76	22	65	438	13	111	26	956	31	0		
Xesteiras	6.1	8.33	12.8	26	4.0	0.4	24	605	123.3	26	**	98	100	91	**	**	**	33	135	26	926	31	0		



* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos



** Non se mide este parámetro nesta estación.

Documento xerado o 11/02/2026


TEMPERATURA MÍNIMA DIARIA XANEIRO 2026



TEMPERATURA MÁXIMA DIARIA XANEIRO 2026



CHUVIA ACUMULADA DIARIA XANEIRO 2026



REFACHO MÁXIMO DIARIO XANEIRO 2026

